

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

Criterios Xerais de Avaliación

1. A proba de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II constará de catro preguntas cun total de 8 exercicios:
 - **Pregunta 1 (Bloque de Probabilidade e Estatística):** constará dun único exercicio obrigatorio e de carácter máis competencial, cunha puntuación máxima de 2 puntos.
 - **Pregunta 2 (Bloque de Álgebra):** constará dun único exercicio obrigatorio, cunha puntuación máxima de 2 puntos.
 - **Pregunta 3 (Bloque de Análise):** o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de carácter máis competencial de entre os dous que se propoñen, cunha puntuación máxima de 3 puntos.
 - **Pregunta 4 (Bloques de Álgebra e Probabilidade e Estatística):** o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de entre os dous que se propoñen de cada un dos dous bloques, cunha puntuación máxima de 3 puntos.
2. As preguntas 1 e 2 serán obrigatorias, cunha valoración máxima de 2 puntos cada unha. No modelo, a pregunta 1 está relacionada cos contidos de inferencia estatística e a pregunta 2 con programación lineal, pero nas probas poderán estar relacionadas con calquera dos contidos destes dous bloques da materia.
3. As preguntas 1 e 3 terán carácter máis competencial.
4. Debe terse en conta, para a pregunta 3, que, se a/o alumna/o realiza os dous exercicios, só se terá en conta o primeiro exercicio que realice no seu caderno de exame para valorar e puntuar esa pregunta. Do mesmo xeito, para a pregunta 4, se a/o alumna/o realiza os dous subapartados do mesmo bloque, só se terá en conta o primeiro que realice no seu caderno de exame para valorar e puntuar ese apartado.
5. A puntuación global de cada pregunta distribúese en fraccións de punto, dependendo dos pasos intermedios para chegar ao resultado final. Deste xeito, os exercicios parcialmente resoltos ou con resultados incorrectos poden acadar unha puntuación determinada dependendo do seu desenvolvemento.
6. No caderno de exame deberán figurar todas as operacións e cálculos necesarios para a resolución de cada exercicio. Todas as respostas estarán debidamente xustificadas, xa que se só se achega a solución sen ningún tipo de explicación, terá unha puntuación de cero puntos. Por exemplo, se é necesario calcular un determinante ou a inversa dunha matriz, deben figurar os cálculos intermedios. Se hai que estudar o crecemento ou

decrecemento dunha función, non é suficiente indicar os intervalos de crecemento e decrecemento, sen ningunha xustificación.

7. Permitirase o uso dunha pequena regra e de calculadoras científicas que non sexan programables e que non teñan capacidade gráfica.
8. A diferenza das probas anteriores, este ano NON se facilitará a táboa da distribución normal. No caso de que na proba haxa algún exercicio no que sexa preciso coñecer datos da distribución normal, co enunciado proporcionaranse diversas opcións entre as que se atopará un valor que permita deducir o necesario para resolver o exercicio.
9. Non se facilitarán fórmulas de ningún tipo.
10. No desenvolvemento dos exercicios valoraranse os seguintes aspectos de carácter xeral:
 - A exposición ordeada e razoada e a coherencia da resposta.
 - A capacidade de análise e de síntese.
 - A utilización dunha axeitada terminoloxía e notación matemática.
 - A facilidade e precisión na realización do cálculo.
11. No desenvolvemento dos exercicios 1 e 3 valorarase de xeito especial a correcta contextualización das respostas ás preguntas do exercicio, relacionándoas coa situación considerada no mesmo.
12. Non se valorará a resolución dun exercicio a partir da gráfica dunha función cando esta se constrúa baseándose soamente nos puntos obtidos a partir dunha táboa de valores (exceptúase o caso das expresións afíns).